



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE EN ALTA DE ABASTECIMENTO Á MARXE DEREITA DA RÍA DE AROUSA

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, José María Bello Maneiro, alcalde do Concello de Valga, facultado para este acto en virtude das competencias que lle reconece o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro. A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Esta entidade pública empresarial subrógase en todos os dereitos e obrigas do organismo autónomo Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, segundo a Disposición Adicional Primeira do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia. Neste sentido todas as referencias contidas no texto deste convenio referidas a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) deben entenderse referidas á entidade pública empresarial Augas de Galicia.



Segundo. A Xunta de Galicia, a través do extinto organismo autónomo Augas de Galicia e da extinta EPOSH, realizou as obras de toma de auga do río Ulla, depuración e tratamento dela; e rede básica en alta para o abastecemento de auga potable aos concellos de Padrón, Dodro, Pontecesures, Valga, Catoira, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira, poñéndoas en funcionamento.

As devanditas actuacións forman parte da obra denominada “Rede Xeral de Abastecemento á Marxe Dereita da Ría de Arousa”, que se executou en catro fases.

Terceiro. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.1, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia no seu artigo 80 recollen que os concellos poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Xunto a esta declaración xeral de competencias estas leis enumeran determinadas materias respecto ás cales os concellos deben ostentar competencias e, entre outras, a protección do medio ambiente e o subministro de augas, cualificando o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo de prestación obrigatoria para tódolos concellos. De conformidade co exposto, o servizo público de abastecemento de auga potable é un servizo público reservado legalmente á competencia dos entes locais.

Por outra banda, o artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Cuarto. O 2.12.2004 formalizouse o convenio de colaboración entre a extinta Empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) e o Concello de Valga para a xestión e explotación da rede en alta de abastecemento á marxe dereita da Ría de Arousa.

A través deste convenio a EPOSH asumiu a xestión e prestación do servizo de abastecemento de auga potable ao Concello de Valga e o compromiso de manter e conservar as instalacións que conforman o sistema de abastecemento e que se detallan no convenio; e o Concello de Valga obrigouse ao pagamento á EPOSH das tarifas establecidas no convenio para sufragar o custe da xestión deste servizo.





Quinto. Para xestionar e prestar o servizo de abastecemento de auga potable ao Concello de Valga, entre outros, a extinta EPOSH formalizou o 31.05.2005, logo da correspondente licitación pública, un contrato de xestión de servizo público en réxime concesional da “Explotación das instalacións da rede de abastecemento en alta da marxe dereita da ría de Arousa (A Coruña)”, de clave OH.215.634/XSP, cun prazo de vixencia que remata o 30.06.2030. No dito contrato a EPOSH obrígase a pagar unha determinada tarifa ao contratista en función dos m³ de auga subministrada aos distintos usuarios e determinase que a tarifa actualizarase anualmente de conformidade co previsto nos pregos que rexeron a citada licitación.

Sexto. As partes consideran necesario formalizar un novo convenio de colaboración, que deixe sen efecto o formalizado o 2.12.2004, para adaptalo a nova regulación en materia de convenios que establece a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Polo tanto, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima xestión do servizo de abastecemento do Concello de Valga.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Valga que permitan actuar de xeito coordinado e en colaboración na xestión e prestación do servizo de abastecemento de auga potable ao Concello de Valga, para a óptima xestión do dito servizo.

Segunda.- Prestación do servizo

2.1. O servizo de subministro de auga potable en alta ó concello de Valga correrá a cargo da entidade pública empresarial Augas de Galicia, quen o poderá xestionar a través das formulas de xestión directa ou indirecta previstas na normativa de contratación administrativa.



2.2. A estimación dos caudais máximos a subministrar establécense en 1.644 m³/día o que se corresponde con 600.060 m³/ano. Os caudais mínimos estímanse en 300.000 m³/ano. Independentemente destes caudais estimados, o Concello de Valga sufragará o custe asociado aos caudais efectivamente subministrados.

Os caudais subministrados dependerán da dispoñibilidade real do recurso.

2.3. O mantemento e a conservación das instalacións (ETAP no río Ulla, tubaxe existente entre esta e a estación de bombeo de Pobra do Caramiñal, a propia estación de bombeo de auga potable de Pobra do Caramiñal, tubaxe ata o contador de Vilagarcía de Arousa, depósito de Moldes e tubaxe ata os contadores de A Pobra do Caramiñal e Ribeira, incluídos estes), corresponde a Augas.

Terceira.- Retribución do servizo

O Concello de Valga obrígase a sufragar o custe da xestión do servizo de subministro de auga potable en alta ao concello.

A tarifa ascende a $T = 0,1885233 \text{ €/m}^3$ (sen IVE)

Durante os dez primeiros días de cada mes, Augas de Galicia facturará electronicamente, a través da plataforma FACE, o importe da devandita tarifa multiplicada polos metros cúbicos de auga consumidos no mes anterior, segundo a medición realizada no caudalímetro. A tal efecto, o concello comprométese a aboar o importe facturado no prazo máximo de trinta días naturais desde a súa recepción, na conta específica que Augas de Galicia lle comunique.

A tarifa actualizarase anualmente, no mes de xullo, comezando a aplicarse o mes de xaneiro do exercicio seguinte, na mesma proporción de actualización que a tarifa do contrato de clave OH.215.634/XSP referenciado no expoñendo quinto. Unha vez actualizada a tarifa do contrato, Augas de Galicia comunicarallo ao concello.

Os efectos económicos deste convenio comezarán coa súa sinatura.



Para o caso de incumprimento por parte do concello da súa obriga de pagamento pola xestión deste servizo, Augas de Galicia poderá reter o importe da débeda contraída das cantidades que lle correspondan ao concello como participación no Fondo de Cooperación Local. Neste caso, e de acordo coas sucesivas leis de orzamentos, vencido o prazo de pagamento sen que se realizara este, darase conta á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, quen iniciará o procedemento de cobro pola vía de constrinximento e a retención das cantidades que corresponda ao concello como participación no Fondo de Cooperación Local, para a súa posterior compensación.

Cuarta.-Equilibrio económico do convenio

O equilibrio económico do convenio pode verse afectado por algunha das seguintes circunstancias:

- Incorporación de novas instalacións ao servizo.
- Reparación, mellora ou ampliacións das instalacións existentes.
- Aumento ou diminución apreciable dos caudais previstos nos estudos do concello ou de Augas de Galicia.
- Modificación do contrato de clave OH.215.634/XSP.
- Calquera outra circunstancia sobrevida e imprevisible no momento da sinatura do convenio que produza un desequilibrio económico.

No caso de que o equilibrio económico do convenio se vexa afectado por algunha das causas anteriores procederase a modificar a tarifa a petición de calquera das partes na Comisión de Seguimento. Esta encargará informe sobre a cuestión ao departamento da Xunta de Galicia encargado da xestión do servizo. Neste informe deberán figurar expresamente as causas que motivan a súa elaboración, a procedencia ou non das mesmas e, en caso afirmativo, estudio económico da repercusión na tarifa das novas circunstancias.

Do informe darase traslado á Comisión de Seguimento do convenio, que informará sobre a procedencia da modificación. Augas de Galicia ditará unha resolución de modificación ou mantemento das tarifas. No caso de que esta resolución non sexa acorde coa proposta da Comisión ou no caso de que se dite sen que a Comisión chegue a un acordo, Augas de Galicia deberá motivar a súa decisión, que poderá ser recorrida na vía contencioso-administrativa.



As tarifas revisadas segundo o procedemento antes exposto serán aplicables a partir da súa aprobación por Augas de Galicia, que disporá dun prazo de 3 meses para ditar resolución dende que se inicia o procedemento coa solicitude de calquera das partes. No caso de que Augas de Galicia non dite resolución modificando ou mantendo as tarifas no prazo indicado, a solicitude de modificación entenderase desestimada.

Quinta.- Competencia municipal

O Concello de Valga manterá a titularidade e a xestión dos depósitos de distribución da súa rede de abastecemento en baixa, podendo prestar o correspondente servizo a través de calquera das formas de xestión, directa ou indirecta, previstas no artigo 85 da Lei 7/1985 e no artigo 295 da Lei 5/1997, e tendo en conta, en todo caso, que no uso ou consumo final da auga esixirase a recadación do canon da auga previsto na lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e o Decreto 136/2012, de 31 de maio polo que se aproba o Regulamento do canon da auga.

O concello non poderá liquidar ningún tributo municipal por ocupación do dominio público das infraestruturas que conforman a rede en alta que Augas de Galicia explota.

O concello realizará o ingreso correspondente a cada mensualidade obxecto de abastecemento, na conta operativa de Augas de Galicia, tal e como se indica na cláusula terceira deste convenio.

Transcorridos 2 anos dende a sinatura do convenio o concello realizará un estudo das súas necesidades de caudais de abastecemento, que será entregado a Augas de Galicia no que se prevean as futuras necesidades do concello en canto a dotacións de auga potable.

Sexta.- Vixencia

Este convenio terá efectos dende o día seguinte o da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante 4 anos, prorrogables por 4 anos máis.

As partes acordan que o convenio de colaboración entre a extinta Empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) e o Concello de Valga para a xestión e explotación da rede en alta de abastecemento á marxe dereita da Ría de Arousa, suscrito o 2.12.2004, quede sen efecto no mesmo momento en que este convenio entra en vigor.



Sétima.- Comisión de Seguimento

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.
- Informar sobre a procedencia da modificación da tarifa do xeito estipulado na cláusula cuarta do convenio.
- Acordará unhas directrices para a coordinación do funcionamento entre do sistema de abastecemento en alta que xestiona Augas de Galicia e o sistema de abastecemento en baixa que xestiona o concello.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

Oitava.- Natureza do convenio

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, ao seu cumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa



Novena.- Modificación do convenio

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio, excepto o establecido para as tarifas.

Décima.- Extinción do convenio

Será causa de extinción automática do convenio o transcurso do seu prazo de vixencia sen haberse acordado a prórroga deste.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- Pola promulgación de normativa que regule materias comprendidas no convenio dun xeito distinto ao establecido nel.
- Pola aprobación dun novo instrumento de planificación hidrolóxica que estableza previsións incompatibles co disposto no convenio ou faga preciso reordenar os dereitos e obrigas das partes.

Nos dous últimos casos as partes poden ou ben resolver o convenio, ou ben introducir nel as modificacións precisas a través dunha addenda ao convenio, para cumprir coa normativa vixente en cada momento

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

O convenio tamén poderá extinguirse polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumplidora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumplidos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.



Undécima. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Duodécima. Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente o presente documento.

A presidenta de Augas de Galicia	O alcalde de Valga
Ethel María Vázquez Mourelle	José María Bello Maneiro

